

# A SEMÁNTICA

## 1. A SEMÁNTICA

A **Semántica** é a disciplina lingüística que estuda o significado das palabras. Pode enfocarse desde dúas perspectivas: **sincrónica** e **diacrónica**.


Nun principio os estudos de Semántica foron **diacrónicos** (**semántica diacrónica** ou **histórica**), é dicir, centrábanse na orixe das palabras (Etimoloxía) tentando explicar os cambios de significado ao longo da historia; porén, a partir dos anos cincuenta do século XX comezou o estudo da **Semántica sincrónica** (ou **descritiva**), atendendo ás relacións que manteñen as palabras entre si polo seu significado.

A palabra **semántica** procede do francés “sémantique”, que a tomou do grego “semantiké”, feminino substantivado de “semantikós”: ‘que indica’, ‘que significa’.

### 1.1. O significado

O **significado** é o concepto ou idea mental dunha cousa. Prodúcese cando os individuos se comunican entre si mediante signos lingüísticos para transmitir pensamentos, sentimentos etc. con respecto a aquilo do que se fala (referente).

En Semántica, ao esquema dual saussuriano de **signo lingüístico** conformado por significante e significado, engádeselle un terceiro elemento: o **referente** ou «cousa». Configúrase deste xeito un modelo de signo lingüístico no que se distinguen tres compoñentes.



No triángulo semántico, o **significante** (nome ou símbolo) é a configuración fonética -ou gráfica- da palabra e os segmentos que a constitúen; o **significado** (sentido ou referencia) é a información que o nome comunica ao oínte; o **referente** ou cousa é aquilo sobre o que se fala. A liña descontinua indica que non hai relación directa entre a *cousa* e a súa denominación. É dicir, un significante designa un significado que alude a unha noción da realidade.

O **triángulo semántico** ou **semiótico** de Ogden e Richards é un método gráfico que permite distribuír e relacionar os compoñentes que integran un signo calquera, nomeadamente un signo lingüístico. Foi creado polos investigadores británicos Charles Kay Ogden (lingüista) e Ivor Armstrong Richards (crítico literario) na súa obra conxunta *The Meaning of Meaning* (*O significado do significado*).

## 1.2. Denotación e connotación

Todas as palabras posúen un significado convencional, é dicir, un sentido que lles é propio; pero algunhas veces úsanse en circunstancias especiais (situación) e con elementos ao redor que poden modificalo (contexto). Así, as palabras adquiren outros significados.

- O significado **denotativo** ou denotación é o significado literal, obxectivo, básico, das palabras; é dicir, o que nos remite ás cousas que nomean.

O significado denotativo é descritivo e xeral. Por exemplo, o significado denotativo da palabra *gato* en *O gato é un animal doméstico* é o de ‘mamífero felino que pilla ratos’, e o de *vaca* en *A vaca comeu no prado do veciño* é o de ‘mamífero ruminante e doméstico da familia dos bóvidos’.

Normalmente emprégase a denotación en xéneros textuais de carácter obxectivo, pertencentes aos ámbitos informativo, académico ou profesional (textos científicos, textos descritivos obxectivos, textos disertativos e argumentativos...).

- O significado **connotativo** ou connotación é o significado adicional, subxectivo e figurado que pode adquirir unha palabra nun contexto determinado e por diversos motivos (sociais, culturais, históricos, psicolóxico etc.).

As palabras *gato* e *vaca* dos exemplos anteriores en contextos específicos poden ser interpretadas doutro xeito, como en *Ese porteiro é un gato* (= ten moita axilidade) ou *Eladio está como unha vaca* (= está gordo de máis). É bastante común o uso de termos con sentido connotativo en conversas informais e sobre todo na literatura, especialmente na poesía.

Significado denotativo	Significado connotativo
Conxunto de <b>trazos significativos</b> asociados a unha palabra.	Conxunto de <b>valores asociados</b> a unha palabra que se manifestan no uso concreto da lingua.
Aparece nos dicionarios.	Adoita ser un significado non codificado.
A interpretación depende do <b>coñecemento</b> que se teña da lingua.	A interpretación depende do <b>contexto</b> concreto no que se manifeste.
Predominio da función <b>referencial</b> .	Predominio das funcións <b>expresiva e poética</b> .
Exemplos: <i>Pesado</i> : Que pesa moito. <i>Luz</i> : Axente físico que fai visible os obxectos.	Exemplos: <i>Pesado</i> : Que causa enfado, aburrimiento... <i>Luz</i> : Persoa ou cousa que ilustra ou guía.



Denotativo



Connotativo

## 2. CAMPOS SEMÁNTICOS

Un **campo semántico** é un conxunto de palabras da mesma categoría gramatical que comparten un núcleo de significación común, de tal modo que cada unha delas se opón ás demais por uns determinados trazos.

Para comprender mellor este concepto, cómpre definir algúns vocábulos:

- Un **sema** é cada un dos trazos distintivos mínimos que forman o significado dunha palabra.
- O conxunto de semas que caracterizan unha unidade lingüística é o **semema**.
- O sema común a todos os termos do campo chámase **arquisemema**.

Os termos *Catedral de Santiago*, *Illas Cíes*, *Muralla de Lugo*, *Mosteiro de Samos*, *Torre de Hércules*, *Praia das Catedrais*, *Castro de Sta. Tegra*, que cos seus significados limitan unha parte da realidade que denominamos «monumentos de Galicia», forman un campo semántico.

Cada un dos trazos significativos como «elemento natural» ou «construcción arquitectónica» son semas específicos; *Illas Cíes* ou *Mosteiro de Samos* son sememas, mentres que o trazo que os caracteriza a todos, «monumentos de Galicia», é o arquisemema.

ARQUISEMEMA: MONUMENTOS DE GALICIA							
SEMAS	SEMEMAS						
	Catedr. de Santiago	Illas Cíes	Muralla de Lugo	Mosteiro de Samos	Torre de Hércules	Praia das Catedrais	Castro de Sta. Tegra
							
Elemento natural	-	+	-	-	-	+	-
Construción arquitectónica	+	-	+	+	+	-	+
Elemento arqueolóxico	-	-	-	-	-	-	+
Localización: interior	+	-	+	+	-	-	-
Localización: costa	-	+	-	-	+	+	+

Cómpre non confundir **campo semántico** con **familia léxica** e **campo léxico** ou **asociativo**.

**Familia léxica:** Palabras de calquera categoría gramatical que comparten o mesmo lexema.

Familia léxica de *mol*: *amolecer*, *amolentar*, *amolegar*, *molente*.

**Campo léxico** ou **asociativo:** Palabras relacionadas entre si por un mesmo tema ou ámbito da realidade, sen importar a súa categoría gramatical.

Campo léxico ou asociativo de *xardín*: *flor*, *caravel*, *xardineiro*, *podar*, *verde*, *descansar*, *natureza*.

### 3. RELACIÓNS SEMÁNTICAS

As palabras non aparecen illadas na lingua, senón que establecen relacións de sentido e significado entre si (de xerarquía, de semellanza, de oposición etc.) xa que é moi raro que a cada significante lle corresponda un só significado ou á inversa; normalmente, nas linguas naturais poden darse –entre outras posibilidades- varios significados para un significante, e ao revés. Así, establécense estas relacións, fundamentais para a comprensión da mensaxe, que se transmite nun contexto determinado, e con iso pódese evitar unha interpretación equivocada da información que o emisor pretendeu transmitir.

### 3.1. Relacións xerárquicas e de inclusión

#### Xerarquización de significados


As relacións xerárquicas son aquelas nas que os conceptos están organizados en **distintos niveis** desde o punto de vista da maior ou menor extensión do seu **significado**.

Existen conceptos xenéricos con grande amplitude significativa (**hiperónimos**) e conceptos específicos subordinados a estes en niveis inferiores e potenciados con máis trazos característicos (**hipónimos**); ademais, dentro dun mesmo nivel significativo danse relacións de coordinación entre os distintos conceptos que o forman (**cohipónimos**). É dicir, na lingua hai termos que, por cubriren unha grande extensión significativa, inclúen outros con significados máis específicos, e así sucesivamente.

CLASE	DEFINICIÓN	EXEMPLO
<b>Hiperónimos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Son os termos que inclúen outros dun nivel significativo menos extenso. Un hiperónimo ten un significado máis xeral ca outro termo, o hipónimo.</li> </ul>	<i>Moble é hiperónimo de cama, mesa e chineiro.</i>
<b>Hipónimos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Son os termos que están incluídos dentro doutro de significación máis xeral ou ampla. Un hipónimo posúe todos os trazos semánticos do correspondente hiperónimo e engade outras características semánticas que o diferencian deste.</li> </ul>	<i>Cama, mesa e chineiro son hipónimos de moble.</i>
<b>Cohipónimos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Son os termos que teñen unha amplitude significativa semellante. Son cohipónimos os distintos hipónimos dun mesmo hiperónimo.</li> </ul>	<i>Cama, mesa e chineiro son cohipónimos entre si.</i>

Algúns

exemplos:



#### Relacións de inclusión

Baséanse na vinculación existente entre un concepto xenérico e as partes que o compoñen (relación parte-todo). De acordo con isto, falamos de **holonimia** (denominación totalizadora) e **meronimia** (denominación partitiva).

CONCEPTO	DEFINICIÓN	EXEMPLO
<b>Holónimo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Unidade designada con respecto ás partes que a integran.</li> </ul>	A palabra <i>roda</i> é merónimo do substantivo <i>coche</i> ; e á inversa, <i>coche</i> é holónimo de <i>roda</i> .
<b>Merónimo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Representa o nome que designa unha parte integrante dun concepto.</li> </ul>	


## 3.2. Relacións de equivalencia e oposición

### Identidade de significados

#### ❖ Sinonimia

A **sinonimia** é a relación de identidade ou semellanza de significados entre dúas ou máis palabras, de maneira que a substitución dunha delas por outra no mesmo contexto non altera o sentido da mensaxe enviada. Trátase dun significado ao que lle corresponden varios significantes.

Son sinónimos de *imaxinar* voces como *coidar*, *crer*, *pensar*, *supoñer*, *supor*, *concebir*, *idear*, *soñar*, *evocar* ou *figurarse*; do mesmo xeito, son sinónimos de *morriña* palabras como *saudade*, *señardade*, *melancolía*, *tristeza*, *tristura*, *pena* e *nostalxia*.



CLASES	DEFINICIÓN E CARACTERÍSTICAS	EXEMPLOS
<b>Perfectos ou absolutos</b>	Escasean na lingua común e son intercambiabes en todos os contextos, é dicir, teñen exactamente a mesma significación.	<i>lágrima / bágoa;</i> <i>cuxo / becerro / xato;</i> <i>alfaiate / xastre</i>
<b>Imperfectos ou parciais</b>	Son máis abundantes e pódense intercambiar só en determinados contextos.	Os termos <i>encher</i> e <i>fartar</i> poden ser intercambiabes en <i>Xa me estás enchendo/fartando</i> , pero non en <i>A cesta está cheal (*farta) de millo</i> .

A existencia dos sinónimos é moi produtiva para a lingua, pois permítelle ao emisor seleccionar aquel termo que máis se axuste ao que se quere expresar (*A manteiga derreteuse e o azucre dissolveuse*), evitar a repetición de palabras (*No verán vai moita calor, por iso no está madura mellor a froita*) etc.

### Oposición de significados

Son **termos contrarios** aqueles que se caracterizan pola oposición de significados; é o fenómeno contrario á sinonimia.

CLASES	DEFINICIÓN E CARACTERÍSTICAS	EXEMPLOS
<b>Complementarios</b>	A afirmación dun implica a negación do outro, e viceversa; é dicir, posúen significados incompatibles.	<i>vivo/morto; dentro/fóra;</i> <i>rural/urbano; igual/diferente;</i> <i>aceptar/rexeitar; tónico/átono;</i> <i>presente/ausente...</i>

<b>Antónimos</b>	A negación dun non implica a afirmación do outro. A súa característica básica é que son regularmente graduables.	<i>frío e quente</i> (existe morno); <i>grande/pequeno</i> (existe <i>mediano</i> ); <i>nenovello</i> (existe <i>mozo</i> ); <i>caro/barato</i> (existe <i>asequible</i> ).
<b>Inversos ou recíprocos</b>	Son termos contrarios que se implican mutuamente, é dicir, a afirmación dun supón a afirmación do outro.	<i>pai/fillo</i> ; <i>tío/sobriño</i> , <i>sogra/nora</i> ; <i>amo/criado</i> ; <i>pregunta/resposta</i> ; <i>enviar/recibir</i> .

Na web  
Practica na web o recoñecemento das **relacións semánticas**.


### 3.3. Outros tipos de relacións

#### Identidade de significantes

##### ❖ Polisemia

A **polisemia** é a propiedade pola cal unha palabra ten varios significados (un mesmo significante con varios significados).

Son palabras polisémicas *falta*, *coñecer*, *insignia*, *mestre*, *oposición*, *quedar* ou *sacar*, pois presentan máis dunha acepción e os distintos significados de cada unha delas teñen –ou tiveron– unha orixe común, é dicir, proceden da mesma palabra.



Esta propiedade contribúe á economía da linguaxe porque se tivéssemos unha palabra para cada concepto sería difícil memorizar a gran cantidade de voces da lingua; grazas á polisemia redúcese o seu número sen prexuízo da expresión de significados. Así, a palabra *escudo* serve para facer referencia a: ‘arma defensiva’, ‘elemento de protección’, ‘antiga unidade monetaria’ ou ‘representación simbólica dunha familia ou grupo’.

As palabras polisémicas aparecen nos dicionarios cunha única entrada con varias acepcións.

**melopea** (do gr. *melopeia* < melos = música + *poieo* = facer).  
1. Arte de compoñer melodías. 2. Composición poética para ser recitada ao compás da música. 3. Canto monótono. 4. Fig. Borracheira.

Na lingua tamén existen voces cun só significado: son as **palabras monosémicas**, que abundan sobre todo na linguaxe técnica e científica. *Telescopio, neutrón, volframio, radiólogo e osíxeno* son algunhas.

Na web  
Amplía a información sobre a  
**monosemia**.


## Causas da polisemia

- **Especialización.** Normalmente aplícase unha acepción a unha voz dependendo do contexto. Así, a palabra *acción* será entendida de distinta maneira se nos atopamos na rodaxe dunha película, nun partido de fútbol ou na bolsa; o mesmo sucede con *nota* (musical, cualificación, factura...).
- **Linguaxe figurada.** Unha palabra pode recibir un ou máis sentidos figurados sen perder o seu significado orixinal.  
A palabra *ollo*, ademais de conservar o significado primitivo de ‘órgano da vista’, adopta outros como burato (*ollo da pechadura, ollo dunha agulla*), planta (*ollo de can*), estar atento (abrir os ollos), desenganar (*abrirlle os ollos a alguén*), precaución (*andar con cen ollos*), desexar (*botarlle o ollo a algo, comer cos ollos*), insistir (*meter polos ollos*), sen exactitude (*a ollo*)...
- **Influencia estranxeira.** Prodúcese cando se cambia ou se engade un significado novo a algunha palabra xa existente no noso idioma. É o caso do vocábulo *forma* en *estar en forma*, por influencia do inglés *to be in fine form*.

## ❖ Homonimia

A **homonimia** é a calidade que posúen dúas ou máis palabras que teñen o mesmo significante (coinciden na forma) pero distinto significado e diferente etimoloxía.

Algunhas mostras son *raxo* < ¿? (carne do lombo do porco) e *raxo* < radiu (tentáculo do polbo); *tea* < taedam (facho) e *tea* < telam (tecido).



As palabras homónimas pódense recoñecer porque:

- Teñen diferentes entradas no dicionario.
- Pertencen a distintas categorías gramaticais.
- Diferéncianse na escritura.
- Presentan distinto xénero.

**fiar<sup>1</sup>** (do lat. *fidare* < *fidere*). v. **1.** Asumir, como fiador, as responsabilidades de alguén. **2.** Vender sen cobrar ao contado.

**fiar<sup>2</sup>** (do lat. *filare* < *filu* = fío). v. **1.** Reducir a fío. **2. fig.** Deducir unha cousa doutras.



CLASES	DEFINICIÓN	EXEMPLOS
<b>Palabras homófonas</b> (Homofonía)	Dúas ou máis palabras que se pronuncian igual (identidade fónica), pero non coinciden graficamente.	- <i>rabo</i> < rabu (apéndice posterior de moitos animais) e <i>ravo</i> < raphanu (planta de raíz comestible); - <i>naval</i> < navale (relativo á navegación) e <i>nabal</i> , derivado de <i>nabo</i> < napu (terreo sementado de nabos).
<b>Palabras homógrafas</b> (Homografía)	As palabras que se escriben igual (identidade gráfica) e se pronuncian igual (identidade fónica).	- <i>vin</i> < videre (do verbo ver) e <i>vin</i> < venire (do verbo vir); - <i>coco</i> < do aimara (árbore tropical e o seu froito) e <i>coco</i> < kokkos (verme que se cría nalgúns alimentos).

É importante diferenciar as voces homógrafas dos **parónimos**. Estes últimos son palabras que presentan unha grafía parecida ou igual e un son moi semellante, pero posúen significados diferentes (*extremo/estrema; descripción/discreción; apto/acto; acender/ascender; inicuol/inocuo; soar/suar*).

Un caso especial de parónimos son as palabras que se distinguen segundo se pronuncien abertas ou pechadas as vogais tónicas *e*, *o*, como en *oso* (animal) e *óso* (do esqueleto), *corte* (lugar onde se garda o gando) e *corte* (acción e efecto de cortar).

### Causas da homonimia

- **Converxencia fonética.** A orixe dos homónimos ten diversas causas, pero a principal é a evolución fonética converxente de palabras distintas. Dúas ou máis palabras que noutro tempo tiñan formas diferentes, debido ás evolucións fonéticas experimentadas acaban coincidindo na linguaxe falada (homófonos) e algunhas veces tamén na súa forma escrita (homógrafos). É o caso de palabras como:
  - *quenlla*, que, derivada do latín *canilicula* < *canale*, significa ‘canle que conduce auga’, mentres que procedente do latín *canicula* é o nome do peixe tamén chamado *tintureira*;
  - *queixo*, derivada do latín *caseu*, é o nome dun produto lácteo, e do latín *capsu* é a prominencia na parte inferior da cara;
  - *cal* < *calce* (substancia branca feita de óxido de calcio), *cal* < *canale* (cauce para a auga) e *cal* < *quale* (pronome relativo).
- **Diverxencia semántica.** Prodúcese cando dous ou máis significados da mesma palabra se separan tanto que xa non hai relación ningunha entre eles; como en *meniña*, que pode significar ‘persoa de poucos anos, de sexo feminino’ ou ‘abertura do iris do ollo’. Nestes casos fálase de «homonimia secundaria».
- **Influencia estranxeira.** Dáse cando préstamos doutras linguas coinciden con palabras xa existentes na nosa lingua. Unha mostra é a palabra *gravar*, que nun principio existía como forma do latín *gravare* (cargar un imposto) e posteriormente introdúcese na lingua o mesmo vocábulo procedente do francés *graver* (labrar un debuxo sobre unha materia dura); ou *zoco* < *soccu* (calzado de coiro con piso de madeira) e *zoco* < árabe *suq* (mercado).

Na web

**Proxecto de traballo:** Elabora un mapa conceptual, con exemplos, sobre as **relacións semánticas**.



O seguinte cadro resume parte do estudado respecto das relación semánticas:

Tipo	Significante	Significado	Exemplo
Hiperonimia	distinto	engloba a outros	<i>ser vivo vs. animal</i>
Hiponimia	distinto	está contido noutros	<i>animal vs. ser vivo</i>
Cohiponimia	distinto	mesmo nivel	<i>cabalo, can</i> entre si
Holonimia	distinto	integra a outros como partes	<i>coche vs. volante</i>
Meronimia	distinto	parte integrante doutros	<i>volante vs. coche</i>
Sinonimia	varios	un	<i>esfarelar / esmigallar</i>
Polisemia	un	varios	<i>órgano</i>
Homonimia	igual	diferente	<i>lingua / lingua</i>
Termos complementarios	diferente	oposto (incompatibilidade)	<i>xusto / inxusto</i>
Antónimos	diferente	oposto (con gradación)	<i>branco / negro</i>
Termos recíprocos	diferente	oposto (con implicación mutua)	<i>comprar / vender</i>

#### 4. AMBIGÜIDADE

A **ambigüidade semántica** é a particularidade dalgúns enunciados para ser interpretados de dúas ou máis maneiras.

Exemplos: *Antón repara bicicletas só os luns* (Non sabemos se o fai sen compañía ou se o fai unicamente ese día da semana). *O Celta gañoulle ao Valencia no seu campo* (No campo do Celta ou no do Valencia?).

A polisemia e a homonimia son as que contribúen maiormente a crear este tipo de equívocos.

A ambigüidade só lle afecta ao receptor da mensaxe, pois o emisor si sabe o que quere dicir. O problema deixa de selo moitas veces porque o falante introduce elementos explicativos no enunciado. Noutras ocasións, o contexto e a situación facilitan a comprensión da mensaxe e impiden que poida ser interpretada de varias maneiras.

#### 5. CAMBIOS SEMÁNTICOS

As palabras evolucionan ao longo do tempo por causas diversas e de formas diferentes. Hai palabras que deixan de usarse porque xa non son útiles para a comunicación por estaren moi cargadas de acepcións, por evocaren algo que resulta molesto ou por faceren referencia a realidades que xa non existen.

Daquela aparecen outras novas (préstamos e neoloxismos) que enriquecen o léxico segundo as necesidades que haxa en cada momento.

##### Causas dos cambios semánticos

O feito de que un termo cambie de significado ao longo do tempo pode deberse a distintas causas. Algunhas das máis frecuentes son as seguintes:

- **Causas lingüísticas.** Poden ser causas fonéticas, ao darse unha diverxente evolución fonética dunha palabra (*cátedra* e *cadeira* < *cathedra*), ou motivados por cuestións de carácter morfosintáctico ao aparecer varias palabras asociadas a un mesmo contexto (por metonimia pásase de *un vaso de viño do Ribeiro* a *un ribeiro*; de *un café con leite* a *un con leite*).
- **Causas históricas.** Algunhas palabras foron cambiando o seu significado ao longo dos tempos porque tamén se avanzou nas ciencias, na técnica e na sociedade en xeral. Estes cambios de significado son unha lóxica adaptación da lingua aos tempos.

Así, a palabra *azafata*, que orixinariamente significaba ‘camareira ao servizo da raíña’ pasa a ter o sentido de “persoa que atende ao público en congresos, feiras etc., ou aos viaxeiros dun avión”; o vocábulo *prensa*, ‘máquina de imprimir’, ten actualmente tamén o significado de “conxunto de publicacións periódicas”.

- **Causas sociais.** Ás veces unha voz pasa da linguaxe ordinaria a ser un termo especializado (restrición do significado) e outras prodúcese o fenómeno contrario (extensión do significado).

As palabras *cotorra* e *lince* estenderon o seu significado ao seren aplicadas a persoas que falan moito ou son moi agudas, respectivamente; pola contra, a voz *rato* en informática (dispositivo que se conecta aos ordenadores) ou a palabra *camisa* en electricidade (recubrimento plástico dun cable) constitúen exemplos de especialización semántica.

- **Causas psicolóxicas.** Algúns cambios teñen a súa orixe na mentalidade ou na educación dos falantes. Neste sentido, a causa máis importante é o tabú.

- As **palabras tabú** son termos evitados polos falantes porque designan realidades supostamente desagradables ou de carácter sagrado, é dicir, teñen unha carga connotativa despectiva. O tabú está condicionado polos valores culturais (convencións sociais, relixión e supersticións) da comunidade. Isto provoca que os falantes proscriban o emprego de determinadas voces e tenten encubrilas ou disimularlas mediante a utilización de eufemismos.

- Os **eufemismos** son palabras consideradas decorosas, que se empregan no canto doutras voces con connotacións pexorativas (o tabú). O seu uso responde a causas de carácter social, relixioso, moral, político, económico etc. Algunhas poden ser as seguintes:

- Máximas de cortesía, nomeadamente a de respectar o dereito do oínte a non ser ferido nin molestado (*forte* por *gordo*).

- Elevar ou ennobrecer a dignidade de alguén, dunha profesión ou un oficio (*empregada do fogar* por *criada*).

- Mitigar os posibles efectos dunha evocación penosa (*pasar a mellor vida* por *morrer*).

- Tentativa de agochar a realidade das cousas (*moderación salarial* por *recorte*).

- Certas realidades (animais, por exemplo) inseridas no folclore galego adquiriron unha carga de superstición importante na nosa cultura popular (*bicha* por *cobra*).

Deste xeito, na lingua común empréganse formas como *facer de ventre* (por *defecar*); *estar encinta* (por *estar preñada*); *actualización de prezos* (por *suba de prezos*); *regulación de emprego* (por *despido*); *bicha*, *leiteira* ou *rastreiriña* (por *cobra*) etc.

O fenómeno contrario ao eufemismo é o **disfemismo**, que consiste en nomear unha realidade cunha expresión pexorativa ou con intención de rebaxala de categoría. Palabras como *espichar*, *sudaca*, *drogata*... constitúen algunhas mostras.

- **Influencia estranxeira.** Débense á incorporación na lingua de préstamos xustificados ou inxustificados. Nos últimos tempos pola influencia do inglés introdúcense anglicismos que ocupan a parcela significativa de palabras do noso idioma (*camping/acampamento*, *interface/interconexión*, *kit/equipamento*).

Na web  
Amplía a información sobre o **disfemismo**.

Velaquí algúns temas nos que adoitan aparecer termos tabú na nosa cultura e os seus eufemismos:

TEMA	TABÚ	EUFEMISMO
Sexo	Copular	Facer o amor
Relixión	Deus	O Noso Pai

<b>Morte</b>	Morrer	Pasar a mellor vida
<b>Funcións fisiolóxicas</b>	Mexar	Facer pis
<b>Xustiza</b>	Preso	Interno ou recluso
<b>Deficiencias físicas</b>	Tolleito	Discapacitado físico
<b>Deficiencias mentais</b>	Tolo	Discapacitado intelectual
<b>Animais</b>	Lobo	O amigo

Na web

**Proxecto de traballo:**  
Elabora un mapa conceptual, con exemplos, sobre os **cambios** semánticos.

## Mecanismos dos cambios semánticos

Algúns dos mecanismos máis frecuentes mediante os cales as palabras poden cambiar de significado son:

MECANISMO	DEFINICIÓN	EXEMPLOS
<b>Metáfora</b>	Trátase dun traslado de significación por semellanza dos significados de dúas palabras.	<i>pata</i> dun moble por semellanza coas dos animais; <i>folla de árbore/folla de papel</i> ; <i>ollo da caralollo dunha agulla, ollo da froita</i> .
<b>Metonimia</b>	É un traslado de significación por contigüidade de significados.	As relacións poden ser: - de proximidade ( <i>puño da camisa</i> ); - continente/contido ( <i>beber un vaso</i> ); - materia/obxecto ( <i>unha pintura</i> ); - axente/instrumento ( <i>o trompeta</i> ); - autor/obra ( <i>un laxeiro</i> ); - orixe/produto ( <i>un ribeiro</i> ).
<b>Etimoloxía popular</b>	Consiste en atribuír a unha palabra unha orixe que non é certa. Pode dar lugar a vulgarismos, pois é un traslado de significación por semellanza dos significantes.	* <i>metereoloxía</i> por <i>meteoroloxía</i> ; * <i>aptitude</i> por <i>actitude</i> ; * <i>vagamundo</i> por <i>vagabundo</i> .
<b>Elipse</b>	Consiste nun traslado de sentido por contigüidade de significantes que adoitan ser empregados no mesmo contexto.	<i>vivir no quinto</i> [andar]; <i>estudar segundo</i> [de Bacharelato]; <i>un [viño] tinto</i> .

## Consecuencias dos cambios semánticos

Os cambios semánticos poden implicar algunhas das seguintes alteracións no significado:

- **Ampliación do significado.** Prodúcese cando unha palabra pasa de ter un significado específico a ser empregada nun sentido máis xeral. Deste modo, a palabra *satélite*, que orixinariamente significaba “membro dunha escolta”, amplía o seu sentido a “calquera persoa que depende doutra”, ou “astro que xira arredor doutro”; e a voz *burgués* (persoa que vive no burgo, na cidade), pasa a significar “membro dunha clase social: a burguesía”.
- **Restrición do significado.** Caso contrario ao anterior; unha palabra cun significado extenso pasa a usarse de xeito específico. Así, o termo latino *secare* (cortar) pasa ao galego co significado máis restrinxido de *segar*.

- **Desenvolvemento pexorativo.** Poden ser bos exemplos as palabras *imbécil*, que nas súas orixes tiña o sentido de “feble”, e *parvo*, que en latín significaba “pequeno”.
- **Desenvolvemento meliorativo.** Algunhas mostras son as palabras *conde*, que en principio significaba “compañeiro” e pasa a ser un título nobiliario e *ministro* (< *minister*), que en latín significaba “criado” e acaba significando “político que dirixe un ministerio e pertence ao gabinete de goberno dun país”.